



Moi boas tardes a todos
non vos quero molestar
o sermón de este ano
pronto se vai terminar.

Son un padre misionero
destinado a predicar
aunque a algún non lle ghuste
non se debe de enfadar.

Polas mulleres casadas
vou empezar a falar
xa sabedes que o divorcio
non o quixeron aprobar.

Hai moitas mulleres casadas
que se desean divorciar
pero despois, mulleriñas,
non vos podeades casar.

Por eso madres de familia,
pídivos por caridad,
enseñede ben as fillas
por ben da Humanidad.

E vos mociñas solteiras
non debes de marchar
xunto vosos pais á noite
á hora de se deitar.

Decídeslle que non é nada
que a vos tanto vos ten
se queredes facer a vosa
non volo priva ninguén.



Pero eu ven sei dunha moza,
sin dicir quen nin quen non,
un día vindo do baile
baixaronlle o pantalón.

Por eso mozas solteiras
un consello vos vou dar
que levedes saia aberta
pra non a ter que baixar.

Cando marchedes pro baile
debedes de ir preparadas
cun ferrado de pastillas
e a saia ben apretada.

Padres e madres de familia,
eu non sei que vai ser esto,
que moitas marchan pro baile
sin saber o Padrenuestro.

E despois cando aparece
con algunha trangallada
válghame Dios que desgracia
pois ela non vale pra nada.

Pais e nais (...)
Debes ter coidadiño
enseñade os vosos fillos
levalos por bo camiño.

Non sabédelo que pasa
con esta nova moxedá
marchan pra sala de festas
non volven hasta a mañá.

O que pasa con esta xente
no podedes imaginar
vos deitádesvos na cama
e eles van funcionar.



Toman uns cubalibres
e por riba unha Fanta
e despois que están ben quentes
nin o demo as aghuanta.

E vos mociños solteiros,
pídivos por caridá,
o que poidades facer hoxe
no deixedes pra mañá.

Porque eso é unha cousa
que hai que collela a punto
que se lle pasas a ...
xa se jodeu o asunto.

Deixarei a mocedá,
e falarei para os casados,
que en pouquiñas palabras,
quedarán ben enterados.

Coa pagha que lle dan
co Estado van acabar
que nos para pagar os sellos
vamos a ter que ir roubar.

Tamén vos hai alghúns vellos
pero non todos a eito,
se non fora pola pagha que lle dan
peghábanlle un tiro no peito.

Se seghides o meu consello
ides cambiar de vida
non ides ghasar de noite
o que ghanades por día.

Non tedes un patacón,
son todos pros taberneiros,
e despois rinse de vós
e máis chámanvos larpeiros.



Os taberneiros e os das salas
sonvos ighual que os da E.T.A.
que vos van sacando os cartos
máis non usan escopeta.

Os fillos mal ensinados,
mirade onde van parar,
uns paran no comunismo
e outros en Alianza Popular.

E con esto me despido,
dou por terminado o sermón,
arrodilládevos todos
que vos boto a bendición.